

Plan de Benestar e Convivencia do CEIP MESTRE VIDE

Segundo a lei do 23 de agosto de 2023

*“quen se sente ben consigo mesmo, está mellor disposto á aprendizaxe,
e quen logra aprender síntese ben consigo mesmo.*

Por elo, o punto de partida é o vínculo consigo mesmo,

Xa que vostede é a persoa que o acompañará durante toda a vida.”

(traducido de Bisquerra, 2020).

a) Introducción, cunha breve contextualización do plan no centro e unha xustificación deste.

Na ORDE do 23 de agosto de 2023 establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, sinala no seu artigo 10.1 que o proxecto educativo de cada centro docente incluíra un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da lei e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia.

A redacción dada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 124.5 que as administracións educativas regularán os requisitos e as funcións que debe desempeñar o coordinador ou a coordinadora de benestar e protección.

A Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, dedica o capítulo IV do título III ao ámbito educativo. No seu artigo 35.1 refírese á obrigatoriedade de que todos os centros educativos onde cursen estudos persoas menores de idade, independentemente da súa titularidade, deben ter unha coordinadora ou un coordinador de benestar e protección do alumnado, que actuará baixo a supervisión da persoa que exerza a dirección ou a titularidade do centro.

Nesta mesma lei orgánica establécese que todos os centros educativos elaborarán un PLAN DE CONVIVENCIA, de conformidade co artigo 124 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio¹, e engade na orde do 23 de agosto de 2023, que deberán ser incluídas actividades para:

- a adquisición de habilidades, sensibilización e formación da comunidade educativa,
- a promoción do bo trato e

¹ Este Plan de Convivencia, no CEIP Mestre Vide, foi redactado pola Comisión de Convivencia do centro, aprobado polo Claustro de Profesores na súa reunión de 21 de abril de 2017 e supervisado polo Consello Escolar na súa reunión da mesma data.

- a resolución pacífica de conflitos polo persoal do centro, o alumnado e a comunidade educativa.

O CEIP MESTRE VIDE desenvolve este primeiro plan tendo en conta as fortalezas e as debilidades que se detectan respecto do benestar e da convivencia/protección, nos tres pilares base da comunidade educativa: alumnado, profesorado (traballadores do centro en xeral) e familias. Tamén terase en conta as ameazas e as oportunidades.

Teremos en conta que estableceremos un modelo de aprendizaxe cooperativa, na que alumnado e profesorado traballen xuntos para maximizar o desenvolvemento persoal e do grupo; e sen esquecer ás colaboración e coordinación coas familias.

OS DESTINATARIOS deste plan son os membros da comunidade educativa do CEIP Mestre Vide. O plan de Benestar formará parte do plan de convivencia do centro, e concretarase anualmente na Planificación Xeral Anual a través das accións enfocadas a consecución dos obxectivos para o correspondente curso escolar.

Este plan ten como obxectivo previr as situacións de malestar en relación á convivencia e a aprendizaxe no centro educativo, e de realizar as intervencións axeitadas cando se cheguen a producir ditas situacións tomando como base as estratexias da GUÍA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN EMOCIONAL (novembro 23) e o documento BENESTAR EMOCIONAL - PROPOSTA DE INTERVENCIÓN (2021 – 2) da XUNTA DE GALICIA.

Neste derradeiro documento define o benestar como: *“O benestar emocional é un concepto amplo que ten que ver, non só coa experiencia subxectiva de sentirse ben, en harmonía e con tranquilidade, senón tamén coa experiencia persoal de satisfacción por ser quen de afrontar dificultades e superar de xeito positivo ou adaptativo as contrariedades que se presentan na vida cotiá.”*

b) Análise do contexto, que recollerá, como mínimo, a situación de partida no centro respecto aos ámbitos das súas funcións.

Características do centro: O CEIP Mestre Vide de Ourense está situado nunha zona céntrica desta cidade, polo que os alumnos proceden de familias de condición económica media-alta dentro do contexto provincial.

A maioría dos pais e nais son traballadores por conta allea, empregados públicos ou de empresas privadas, e algúns, empresarios.

O ambiente familiar, económico e afectivo é estable, sen grandes conflitos nin problemas, o que inflúe de xeito positivo na tarefa educativa. A porcentaxe de alumnos procedentes de zonas periféricas ou inmigrantes comeza a medrar.

Actualmente a distribución do alumnado é a que se reflexa no cadro que segue:

Educación Infantil 113 alumnos	En 4ºA EI	17 Alumnos
	En 4ºB EI	15 Alumnos
	En 5ºA EI	16 Alumnos
	En 5ºB EI	16 Alumnos
	En 6ºA EI	25 Alumnos
	En 6ºB EI	25 Alumnos
Educación Primaria 297 alumnos	En 1ºA EP	22 Alumnos
	En 1ºB EP	21 Alumnos
	En 2ºA EP	25 Alumnos
	En 2ºB EP	25 Alumnos
	En 3ºA EP	25 Alumnos
	En 3ºB EP	25 Alumnos
	En 4ºA EP	25 Alumnos
	En 4ºB EP	25 Alumnos
	En 5ºA EP	25 Alumnos
	En 5ºB EP	25 Alumnos
	En 6ºA EP	18 Alumnos
	En 6ºB EP	18 Alumnos
	En 6ºC EP	18 Alumnos

En canto ao profesorado a situación actual é:

27 mestres (8 especialistas en Educación Infantil, 13 Especialistas en Educación Primaria, 2 especialistas en Educación Física, 3 especialistas en Lingua Estranxeira Inglés (unha compartida con 1 centro mais) , 1 especialista en Educación Musical, 2 Especialista en Relixión (1 liberada sindical e 1 compartida con outros centros).

Ademais do seguinte persoal especialista en atención á diversidade: 4 Pedagogía Terapéutica, 2 Audición e Linguaxe e 1 orientadora (coordinadora do benestar e convivencia do centro).

E como persoal non docente, pero con intervención directa co alumnado temos 1 coidadora e 1 auxiliar coidadora.

En canto ás familias:

A relación coas familias, tanto a través da ANPA, como individualmente é correcta, de proximidade e directa.

Un xeito de coñecernos e relacionarnos, familias – profesorado – alumnado, e realizando múltiples actividades ao longo do curso tentando que participen activamente os tres ámbitos; como no Samaín/Halloween, Magosto, actividades deportivas, nadal, entroido, fin de curso,...

Igual que consideramos moi importante a relación coas familias, tamén a relación coa contorna do centro educativo. O CEIP Mestre Vide é un centro aberto ao medio no que esta situado, moi próximo ao campus universitario de Ourense e lindando coa Policía Nacional. Con ambas institucións desenvolvemos actividades (interxeracionais , Plan director, de investigación,...) que axudan a contextualizar as aprendizaxes do noso alumnado no seu entorno mais próximo.

Deste xeito tamén mantemos relación, desenvolvendo actividades cos centros educativos mais próximos CEIP Curros Enríquez, CEIP Manuel Sueiro e IES As Lagoas. Sen esquecer ao noso Concello e as diferentes concellerías que ofertan actividades para o alumnado nas que sempre se poñen en xogo, entre outras, as súas habilidades sociais.

Situación actual da convivencia:

Podemos afirmar que nos derradeiros cursos e na actualidade non temos respecto da conflitividade ningún caso grave. O clima de convivencia que se percibe no centro é moi aceptable, pero inda así sempre mellorable.

Na actualidade o clima de convivencia é bo en tódolos ámbitos, profesorado, familias e alumnado. Non se observan serios problemas de convivencia, aparecendo de cando en vez algún conflito puntual que se resolve a través das canles establecidas para o efecto recollidas no PLAN DE CONVIVENCIA. A resolución destes conflitos proporcionan crecemento persoal para todos.

Os conflitos máis frecuentes acostuman ser os seguintes:

Insultarse, utilizar xestos ou palabras groseiras, algunha pelexa por causa dos xogos, por falta de acordo ou por algún malentendido. Tamén nalgúns casos, por non realizar reiteradamente as tarefas escolares ou non facer caso ás indicacións do profesorado.

Tamén aparecen moi raramente discrepancias de opinións entre os adultos, ben entre familia e profesorado ou ben entre o profesorado, para ambas discrepancias establécense as reunións dos equipos de profesores e as titorías coas familias onde se resolven case a totalidade. Cando iso non sucede procedese a reclamación primeiro ante a dirección do centro, e se non fose suficiente, ante a inspección educativa, quen resolvería segundo a lexislación vixente.

Este plan de benestar e convivencia ven a completar todas estas actuacións que se realizan dende sempre relativas a convivencia diaria no centro.

Pero ademais deste aspecto de convivencia, este plan ven a darlle un pulo grande ao Benestar de todos os membros da comunidade educativa partindo do autoconñecemento e da formación.

c) Obxectivos e indicadores.

Os obxectivos que nomeamos a continuación teñen como fin último dotar a comunidade educativa do CEIP Mestre Vide DE ESTRATEXIAS E RECURSOS que contribúan ao coidado do equilibrio e do benestar emocional dentro dunha contorna participativa de comunicación e apoio.

○ noso Obxectivo xeral será darlle un novo pulo a Educación Emocional e ao benestar nos tres ámbitos da comunidade educativa: alumnado profesorado e familias, tanto na vertente da convivencia coma na da aprendizaxe. Utilizaremos estratexias de fortalecemento, aprendizaxe e resolución.

1. OBXECTIVOS ALUMNADO

1.1. OBXECTIVOS ALUMNADO E CONVIVENCIA

OBXECTIVO	COMPETENCIAS	Acción / INDICADOR DE LOGRO	TEMPORALIZACIÓN
Responder axeitadamente ante situacións complexas, cambiantes e/ou incertas.	Conciencia emocional Regulación emocional	1. Formación. Protexese ao alumnado afastando o perigo e atendendo á situación.	Todo o curso
		2. Formación. Axudamos a describir tanto o que está a pasar como o que sinte.	Todo o curso
		3. Formación. O alumnado coñece as estratexias para establecer a calma.	Todo o curso

		4. Formación. Reflexionamos co alumnado tentando establecer relación entre os pensamentos, o sentimentos e os comportamentos.	Todo o curso
Anticipar, previr e resolver conflitos de xeito positivo, traballando as normas e os límites de xeito democrático, coidando a tarefa educativa e as necesidades de cada quen	Regulación Emocional Autonomía emocional Competencias sociais	1. Facilitamos a reflexión realizando unha escoita activa. 2. Levamos un diálogo restaurativo a través dos seguintes pasos: Impacto – comprensión - recoñecemento	Todo o curso Todo o curso
Crear rutinas de autonomía, de autocoidado e de responsabilidade diaria, nos ámbitos físico, social e emocional.	Habilidades sociais Competencias para a vida e o benestar	1. Realízase o plan de acollida no centro: cambios de etapas, novas escolarizacións que se producen ao longo do curso escolar, e a de 3 anos. 2. Realízanse actividades de	Inicio do curso Todo o curso 2º e 3º Trimestre

		coñecemento do grupo/aula, mesturando grupos de igual e de diferente idades.	
		3. Crease unha caixa por planta, de suxestións de boas prácticas de benestar na escola.	2º trimestre

1.2. OBXECTIVOS ALUMNADO E APRENDIZAXE

OBXECTIVO	COMPETENCIAS	INDICADOR DE LOGRO	TEMPORALIZACION
Conectar co proceso de aprendizaxe	Regulación emocional Autonomía persoal	1. analizamos o proceso de aprendizaxe (2º e 3º ciclo EP).	2º trimestre
		2. Analizamos o aburrimiento: a sensación incómoda e pesada que fai bocexar, perder a atención polo que pasa fóra e sentirse baleiro. Son momentos nos que non se sabe que facer, con sentimentos de non	2º trimestre

		<p>atoparse a gusto. ás veces o cerebro necesita descansar. Mirar o aburrimiento nas aulas como unha oportunidade para parar, esperar, pensar, desexar e inventar.</p> <p>3. Ferramentas para conectar as aprendizaxes: Axudar os/as compañeiros/as que o precisen. Implicarse activamente na vida do centro participando en actividades voluntarias: ecopatrullas, club biblioteca,... Ante as adversidades, manter a calma, valorar posibles solucións e procurar axuda.</p>	<p>Todo o curso</p>
Controlar o propio proceso de aprendizaxe organizándose e	<p>Autonomía persoal</p> <p>Regulación</p>	<p>1. Teñen hábitos persoais axeitados.</p> <p>2 . Planifican as</p>	<p>1º trimestre</p> <p>1º trimestre</p>

planificando as rutinas e asumindo responsabilidades de xeito funcional	emocional	tarefas e actividades.	
Alcanzar as metas de aprendizaxe e os obxetivos curriculares.	Regulación emocional	<p>1. piden axuda ante as dificultades aos compañeiros/as e profesores/as.</p> <p>2. Ante un fracaso, analizar as variables e volver intentalo.</p> <p>3. Refórzanse con mensaxes positivas “eu podo”, “estou a facelo ben”...</p>	<p>Todo o curso</p> <p>2º e 3º trimestre</p> <p>Todo o curso</p>

2. OBXECTIVOS PROFESORADO

2.1. OBXECTIVOS PROFESORADO E CONVIVENCIA

OBXECTIVO	COMPETENCIAS	INDICADOR DE LOGRO	TEMPORALIZACION
Afrontar o cansazo e a tensión emocional, ante: os indicadores sociais, ante situacións	<p>Autonomía persoal</p> <p>Regulación emocional</p>	Temos rutinas de autonomía, de autocoidado e responsabilidade diaria, nos ámbitos físico, social e emocional.	Todo o curso

<p>cambiantes e incertas, ante cambios legislativos e organizativos, ante as diversas demandas e a excesiva burocracia, e todo elo en relación apresurada co tempo,</p>		<p>Falámonos ben a nos mesmos.</p> <p>Temos definido e delimitado o rol profesional e a tarefa educativa.</p> <p>Apoiámonos nos compañeiros/as, fomentando o acompañamento entre iguais.</p> <p>Traballamos a capacidade de superar situacións adversas e confiamos nun mesmo/a.</p>	<p>Todo o curso</p> <p>Todo o curso</p> <p>Todo o curso</p> <p>Todo o curso</p>
<p>Construír unha convivencia positiva no centro e na aula, ante: o relativismo (“todo vale”), o individualismo, a inmediatez, unha comunicación reactiva e/ou violenta» a</p>	<p>Regulación emocional</p> <p>Habilidades para a vida e o benestar</p>	<p>Melloramos o clima de centro a través do coñecemento e cohesión entre o profesorado</p> <p>Temos equipos: establecendo criterios e obxectivos comúns, repartindo responsabilidades segundo as fortalezas persoais e organizando as tarefas</p>	<p>Todo o curso</p> <p>Todo o curso</p>

confusión de roles, lugares e funcións		de xeito cooperativo. Melloramos o clima de aula: fortalecendo os vínculos e reforzando a autoridade, asignando responsabilidades e rotando os roles. Coidar os espazos do centro e da aula	Inicio do curso/Todo o curso. Todo o curso
--	--	---	---

2.2. OBXECTIVOS PROFESORADO E APRENDIZAXE

OBXECTIVO	COMPETENCIAS	INDICADOR DE LOGRO	TEMPORALIZACION
Afrontar a falta de implicación e entusiasmo do alumnado no proceso de aprendizaxe, axudarlle na súa organización e na planificación para que cada vez sexan mais	Autonomía Regulación emocional	Analizamos as debilidades e as fortalezas do alumnado cara á aprendizaxe para axustar a resposta docente. Reflexionamos sobre as propias debilidades e fortalezas cara á aprendizaxe e cara o grupo. Planificamos estratexias tendo en conta o reflexionado e	Todo o curso Todo o curso Todo o curso

autónomos		analizado previamente.	
Aumentar a seguridade ante a diversidade metodolóxica a dixitalización, a terminoloxía pedagóxica cambiante, a avaliación e cualificación, os plans e protocolos e ante a non-delimitación dos ámbitos familiar, social, sanitario...	Autonomía Regulación emocional	Reflexionamos e relativizamos, aprendendo a coidarnos. Priorizamos e tomamos decisións en equipo. Acordamos metas comúns para o centro e establecemos a formación apropiada. Amosamos confianza e seguridade na profesionalidade propia.	Todo o curso Todo o curso Inicio do curso Todo o curso

3. OBXECTIVOS FAMILIAS

3.1. OBXECTIVOS FAMILIAS A CONVIVENCIA E A APRENDIZAXE

OBXECTIVO	COMPETENCIAS	INDICADOR DE LOGRO	TEMPORALIZACION
Aumentar a confianza mutua entre familias e escola, sen	Competencia social	Estar ao tanto da información do centro: comunicacións	Todo o curso

<p>confundir as responsabilidades de cada ámbito e cooperando e acompañando ao alumnado no seu proceso de medrar, convivir e aprender.</p>		<p>abalar, convocatorias, visitar a web do centro, ANPA...</p> <p>Preguntar confiando calquera dúbida, preocupación, malestar...</p> <p>Asistir e participar nas reunións, convocatorias, titorías...</p> <p>Colaborar e corresponsabilizarse nas celebracións, actividades, proxectos...</p>	<p>Todo o curso</p> <p>Todo o curso</p> <p>Todo o curso</p>
<p>Formar as familias para afrontar as dúbidas e preocupacións naturais da propia crianza, o estrés, o desacougo e a ansiedade así como o sentimento de incapacidade, inseguridade,</p>	<p>Habilidades para a vida e o benestar</p>	<p>Iniciar unha escola de nais e pais (ENAPA) no centro que conecte coas preocupacións das familias, que axude a reflexionar sobre o rol e a función da familia hoxe. Así como a construír un criterio saudable de crianza.</p>	<p>No 1º trimestre</p>

incompetencia...			
Transformar o estrés que xurde nas familias ante situacións conflitivas na convivencia familiar	Regulación e autonomía emocional	Calman e realizan correulación emocional. Establecen comunicacións afectivas e escoita activa.	Todo o curso Todo o curso

Os indicadores de logro son niveis de cumprimento sinalando en que grao alcanzou a acción.

Os indicadores preséntanse como niveis, e neste caso teremos catro niveis de desenvolvemento:

Nivel 0: non se desenvolveu a actuación.

Nivel 1: Desenvolveuse en parte.

Nivel 2: desenvolveuse a actuación pero non por completo.

Nivel 3: desenvolveuse a actuación ao 100%

Deste xeito poderemos ver se a actuación ten unha tendencia positiva niveis 1, 2 e 3 cara o desenvolvemento do benestar ou se pola contra non axudará ao desenvolvemento do benestar na nosa comunidade educativa.

d) Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso, de difusión.

Seguimento e modificacións:

Ao inicio de cada curso escolar dentro da PXA a Coordinadora de Benestar presentará as liñas prioritarias de actuación, ao longo do curso escolar poderanse

levar a cabo as modificacións e axustes que se desprendan da avaliación e que se consideren oportunas comunicándoas a dirección do centro, a avaliación e estas modificacións recolleranse na memoria final que se informará no Claustro e pasaran ao Consello Escolar.

Avaliación:

Deseñaranse cuestionarios para os tres ámbitos que valoren a execución anual do plan de benestar.

Divulgación:

O CEIP Mestre Vide divulgará este documento por diferentes medios entre a comunidade educativa, facilitando o seu coñecemento por parte de todos.

O Equipo Directivo será o encargado de difundilo a través da páxina web do centro.

Aprobación:

O presente Plan de benestar e convivencia do CEIP Mestre Vide presentouse e aprobouse polo Claustro e polo Consello Escolar do CEIP Mestre Vide de Ourense na reunión que se celebrou o día de do 2023, do que como Secretaria dou fe.

Visto e Prace

O director:

A Secretaria:

Asdo.: Juan Manuel Regal Lamelo

Asdo.: María José Caride Pérez

En Ourense a ,de de 2023

A Coordinadora de Benestar

Asdo.: Mónica Hernán López